

DATA	28/01/22
PÁGINA	93

Achégase escrito acordado no Consello escolar celebrado no día 27 de xaneiro a fin de solicitar colaboración das familias no comedor escolar.

"Estimadas familias.

Precisamos da vosa colaboración.

Todos sabemos que estamos a vivir unas circunstancias moi adversas que están afectar ás nosas vidas cotiás, aos nosos fogares e que evidentemente tamén afectan á vida do centro educativo.

Todos sabedes que o comedor escolar sempre foi moi importante para este colexio e que a pesares de todas as adversidades e problemáticas sempre se loitou pola súa supervivencia. Entendemos que ademais de ser un servizo de axuda para todas as familias, tamén é un lugar mais de aprendizaxe en moitos sentidos, tanto para aprender a comer variedade, como para aprender a socializar arredor dunha mesa e ,por suposto, aprender a colaborar e compartir tarefas.

Xa non podemos contar co alumnado que axudaba a servir e seguimos tendo o mesmo número de persoas ás que dar de comer pero arredor de 50 persoas menos que poidan colaborar.

Loitamos para que se nos ampliase o número de colaboradores e conseguimos que nos concedesen dous mais, que non soluciona moito, pero é unha axuda. Temos concedidas doce prazas que nunca se chegan a cubrir.

Os colaboradores e colaboradoras que están agora mesmo traballando con nós acusan ese cansazo porque o traballo é moi intenso e a iso hai que engadir que ás veces tampouco son todos os que poden asistir, o que implica unha maior presión para os compañeiros.

Precisamos ter os 12 colabores e algún de reserva a quen poder acudir. Pero o comedor, sen persoal, non pode funcionar e corremos o risco de perdelo ou que pase a outro tipo de xestión.

Por todo isto e como seguimos a pensar que é un servizo imprescindible para todas as familias e de gran importancia para a conciliación familiar pregamos a vosa axuda.

Somos unha gran comunidade educativa e sempre fomos quen de conseguir cousas traballando xuntos por iso agardamos que entre todos poidamos conseguir o número de colaboradores que se precisa e algún a maiores para ter en caso de necesidade e que poidamos seguir adiante agardando que toda esta situación remate mais pronto que tarde."

**Achegamos o que figura ao respecto na "INSTRUCCIÓN 2/2021, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN DIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2021-2022 na páxina 13**

"Con carácter excepcional, ampliase a posibilidade de colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e vixilancia nos comedores escolares, por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, nin colaboradores directos dispoñibles

previstos ordinariamente en número suficiente, a outros familiares dos alumnos comensais, a ex-colaboradores deste servizo, a persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como a persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs). Esta colaboración voluntaria a desenvolverán nos mesmos termos previstos na lexislación sectorial educativa ao respecto dos pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado. A ampliación manterase mentres dure a aplicación das medidas educativas e sanitarias para paliar os efectos da pandemia.”

A presidenta do Consello Escolar

A circular stamp of the Consello Escolar is partially visible on the left, with the text 'CONSELLO ESCOLAR' and 'CELP PLIURE' around the perimeter. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink that reads 'Gloria Rodríguez Doel'.

Gloria Rodríguez Doel